



II Concurso

“Receitas con Requeixo das Neves”

-Para alumnado de Escola de hostalería-

Organiza:

Concello As Neves

Empresas colaboradoras:

Requeixo e mel das Neves Sociedade Coop. Condado Paradanta

Restaurante Casa Calviño

Restaurante O Frenazo

Hotel de Natureza Nande

Bodega Señorío de Rubiós

Bodega Viña Nora

Bodega Abadía de Tortoreos

Bodega Viña Nora

E.F.A. A Cancela

DECRETO

Número: 2019-0108 Fecha: 21/03/2019



Cód. Validación: 9W7PY4CWA36FYQ5NCR7JPTTF | Verificación: <http://concellobasneves.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 10

I. Bases

1. Introducción.

Queda de manifesto que o obxectivo do “**II Concurso de Receitas con Requeixo das Neves**” ten como misión a difusión do **Requeixo** mediante a presentación e elaboración de receitas nas que este produto teña esencial protagonismo. As receitas deberán ser respectuosas coas premisas da Dieta Atlántica; xa que logo, a Organización do Concurso resérvase a capacidade de non admitir aquela(s) que non se enmarque(n) nos parámetros para os que foi presentada.

2. Requisitos persoais.

- a. Deberá ser obrigatoriamente alumno/a dunha das escolas de hostalería pública ou privada de Galicia ou norte de Portugal, indistintamente da nacionalidade do alumno/a.
- b. Participará en representación da súa escola.
- c. Non se limita o número de representantes dunha escola.
- d. Ser maior de 16 anos (coa correspondente autorización firmada adxunta no anexo II).

3. Requisitos formais

- a. Cumprimentar debidamente o formulario de inscrición (anexo I).
- b. Acompañar ao formulario un certificado da escola á que se pertence, que acredite que cursa estudos de hostalería e/ou cociña no curso 2018/2019

4. Requisitos da receita

- a. Só poderá presentarse unha receita por persoa.
- b. A receita describirá con todo tipo de detalle os ingredientes e o proceso de elaboración da mesma; así como os criterios que a persoa concursante estime oportunos para unha mellor comprensión da mesma.

DECRETO
Número: 2019-0108 Fecha: 21/03/2019



Cód. Validación: 9W7P74CWA36FYQ5NCR7JPTTF | Verificación: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Págin 3 de 10

- c. A fórmula acompañarase de foto/s da presentación final da receita.
- d. É obrigatorio o uso de **Requeixo das Neves**⁽¹⁾ como ingrediente principal da receita. Calquera participante que non cumpra este requisito, será descualificado/a polo Xurado.

*(1)O **Requeixo das Neves** será proporcionado pola empresa **Condado de Paradanta** para o seu uso nas receitas.*

II. Procedemento de selección

- A Organización do Concurso nomeará para ese efecto unha comisión técnica responsable final de devandita selección, que estará formada por profesionais con recoñecemento no sector da restauración e a gastronomía.
 - Esta comisión valorará cada proxecto na súa totalidade, xulgando cada un dos aspectos expostos nas bases.
 - O número máximo de participantes seleccionados/as para a final do Concurso serán 12.
 - O xurado fará público o fallo da selección o venres día 12 de abril de 2019, comunicándolle a todas as persoas candidatas seleccionadas para a final por teléfono e correo electrónico.
 - A Organización enviará aos 12 finalistas a información pertinente para o desenvolvemento da final:
 - Lugar, data e hora da celebración.
 - Material e maquinaria coa que contarán os/as concursantes e os/as axudantes (1 por cada seleccionado).
 - As persoas seleccionadas que non se poidan contactar nas 48 horas seguintes trala publicación das propostas finalistas serán descualificadas.
 - As decisións do Xurado de preselección son inapelables.

III. Datás

- **Convocatoria**

Os proxectos deberán presentarse na forma prevista no apartado **4. Requisitos da**

DECRETO
Número: 2019-0108 Fecha: 21/03/2019



Cód. Validación: 9W7PY4CWA36FYQ5NCNR7JPTTF | Verificación: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 4 de 10

receita das **Bases** entre os días 22 de marzo de 2019 e o 10 de abril de 2019, ambos inclusive, non aceptándose ningún outro traballo fóra das citadas datas.

- **Data da final**

A elaboración das receitas finalistas levaranse a cabo o martes 16 de abril de 2019 no Centro de Ensino E.F.A. Cancela⁽²⁾ das Neves. A non presentación dunha persoa candidata á devandita cita implica a súa descualificación.

- **Entrega de premios**

A entrega de premios realizarase o venres 19 de abril de 2019 durante o acto público de lectura do pregón da **XXVIII Feira do Requeixo e Mel das Neves**. Todas as persoas finalistas serán convocadas ao fallo do Xurado.

(2) Rúa Tortoreos s/n As Neves (Pontevedra). Tel.986.648.250. www.efaacancela.com

IV. Final

1. As persoas finalistas deberán presentarse o martes 16 de abril de 2019 no lugar sinalado no apartado anterior.
2. Cada finalista deberá preparar a súa receita **in situ**. Xa que logo, está prohibido levar pratos preparados⁽³⁾.
3. O tempo máximo outorgado para a elaboración da receita será de 45 minutos, incluído o servizo da mesma diante do Xurado.
4. O/a finalista traerá os produtos necesarios⁽⁴⁾ para a elaboración da súa proposta.
5. A orde de entrada nas cociñas farase por rigoroso sorteo previo.
6. A receita da final non poderá ter cambio algún respecto da presentada ao Concurso, agás imprevisto ou causa de forza maior, que se deberá dar a coñecer ao Xurado antes do comezo da final, tendo este a decisión final.
7. A persoa finalista elaborará cantidade suficiente para persentar 6 páx.; a saber, 1 para a foto na vaixela elixida polo/a concursante e 5 máis para o Xurado de Sala.

(3) No caso de que algunha das elaboracións necesite unha preparación superior ao tempo sinalado para a proba, poderá dispoñer de 60 minutos para elaboralo nas

DECRETO
Número: 2019-0108
Fecha: 21/03/2019



Cód. Validación: 9W7PY4CWA36FYQ5NCNR7JPTTF | Verificación: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electronicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 5 de 10

instalacións da EFA A Cancela antes de que empece a súa proba, sempre que así o indique con anterioridade na súa receita e o dea a coñecer á organización.

(4) Recórdase, en caso de acudir con coitelos, a necesidade de obter o permiso de transporte dos mesmos.

V. Recomendacións

- Queda prohibido o uso de:
 - o Salsas industriais.
 - o Produtos conxelados de forma industrial.
 - o Panadería e pastelería industrial.
 - o Pratos precociñados ou preparados de forma industrial: paté, confeitura, marmelada...
 - o Todo aquel produto que non estea considerado alimento, segundo a normativa vixente sobre Produtos da Alimentación, excepto con motivo decorativo.
- Uso obrigatorio:
 - o O ingrediente principal é o **Requeixo das Neves**, tal e como se menciona no apartado **4.d.** das **Bases**.

VI. Premios

Os premios⁽⁵⁾ do “**II Concurso de Receitas con Requeixo das Neves**” que outorgan as empresas colaboradoras son:

1º Premio

- Premio en metálico: 200 €
- Fin de semana para 2 persoas con pensión completa no “**Hotel da Natureza Nande**” nas Neves (na tempada da vendima).
- Fin de semana de prácticas nun restaurante gastronómico de Galicia.

2º Premio

- Premio en metálico: 100 €
- 1 maletín de coitelos profesional.
- Degustación de lamprea para 2 persoas no “**Restaurante Casa Calviño**”, e no

DECRETO
Número: 2019-0108 Fecha: 21/03/2019



Cód. Validación: 9W7PY4CWA36FYQ5NENR7JPTTF | Verificación: <http://concellobasneves.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Pághina 6 de 10

“**Restaurante O Frenazo**”, situados ambos nas Neves (do 20 de abril ao 10 de maio de 2019).

(5) Os premios concedidos polas empresas colaboradoras, son intransferibles, sendo as persoas gañadoras as únicas en poder desfrutar dos mesmos.

(6) As persoas finalistas deste certame, sen perder a autoría das súas receitas, permitirán que poidan ser publicadas, sen alterar o fondo, aínda que si a forma para igualar criterios de redacción, así como as fotos mesmas.

VII. O Xurado da final

O xurado estará composto por 5 persoas escollidas pola súa cualificación dentro do mundo da gastronomía e a restauración. O nome das mesmas farase público na presentación oficial do Concurso.

Un/ha representante do Xurado actuará como Xurado de Cociña, xulgando a limpeza, técnica e execución.

O Xurado poderá adoptar as decisións que estime oportunas para o bo desenvolvemento do Concurso.

- **Criterios de valoración**

Pra a cualificación, cada membro do Xurado dispoñerá dunha ficha por prato pra xulgar os seguintes criterios técnicos e sensoriais:

1. Orixinalidade do prato.....(5 puntos)
2. Presentación.....5 puntos)
3. Sabor, texturas e aromas.....(10 puntos)
4. Dificultade da receita.....(5 puntos)
5. Manexo na cociña e técnica... (5 puntos)

Nota: O Xurado volverá xulgar os pratos que rematen o Concurso con igual puntuación, non podendo quedar **ex aequo** dous ou máis pratos.

DECRETO
Número: 2019-0108
Fecha: 21/03/2019



Cód. Validación: 9W7PY4CWA36FYQ5NCR7JPTTF | Verificación: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Pághina 7 de 10

VIII. Aceptación das bases

Todas as persoas participantes no Concurso, polo simple feito de participar, aceptan as presentes bases, as normas que rexen a súa participación e os termos, condicións e a política de privacidade e protección de datos.

- **Dereitos de imaxe**

As persoas participantes autorizan á Organización a reproducir e utilizar o seu nome e apelidos, así como a súa imaxe e a da súa escola en calquera actividade de publicidade relacionada co Concurso, sen que dita utilización lle confira dereito de remuneración ou beneficio algún, con excepción feita da entrega do premio que poida ter gañado.

- **Protección de datos**

Expresamente, infórmase a todas as persoas participantes que a Organización comprométese a actuar conforme ás disposicións da *Lei Orgánica 15/1999, de 13 decembro de protección de Datos de Carácter Persoal*, así como a destruír os datos facilitados logo da súa exclusiva utilización para o desenvolvemento do Concurso daqueles/as participantes que non autoricen expresamente aos patrocinadores/as á súa conservación e custodia.

IX. Inscripción

- **Presentación ao concurso**

As persoas interesadas deberán enviar a súa solicitude por correo electrónico, unha vez cumprimentada a ficha adxunta no anexo I e o anexo II (se fora necesario), á Secretaría do **“II Concurso de Recetas de Requeixo das Neves”** indicando no “asunto”: Concurso Requeixo As Neves.

- o Secretaría técnica do Concurso
recetas@requesonymiel.com
- o Concello de As Neves
Tel. 986.648.038

DECRETO
Número: 2019-0108 Fecha: 21/03/2019



Cód. Validación: 9W7P7Y4CWA36FYQ5NENR7JPTTF | Verificación: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páxina 6 de 10



Anexo I

FICHA DE INSCRICIÓN
“II CONCURSO RECEITAS CON REQUEIXO DAS NEVES”

Apelidos: _____ Nome: _____
Nacionalidade: _____ DNI/pasaporte: _____
—
Enderezo: _____
Provincia: _____
Teléfono: _____ Correo electrónico: _____
Nome da escola de Cociña: _____
Enderezo: _____
Provincia: _____
Teléfono: _____ Correo electrónico: _____
Nome do prato: _____

Acepto as Bases do **“II Concurso Receitas de Requeixo das Neves”** e achego a esta ficha, que dato e asino, o *dossier* requirido coas fotos, ingredientes e elaboración do meu prato, así como todos os argumentos que en defensa do mesmo estime oportuno, e o certificado de estar cursando estudos de cociña neste ano.

Asinado:

En _____ a _____ de _____ de 2019.

DECRETO
Número: 2019-0108 Fecha: 21/03/2019



Cód. Validación: 9W7PY4CWA36FYQ5NCR7JPTTF | Verificación: <http://concellobaasneves.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 9 de 10



Anexo II
Autorización para o “II Concurso de Receitas con Requeixo de As Neves”

D./D^a.....
...co
DNI....., pai/nai/titor/a legal.....do
alumno..... co DNI.....
..... da
escola
.....

Autorizo a participar no **“II Concurso de Receitas con Requeixo das Neves”** que celebrese o día 16 de abril de 2019 na E.F.A A Cancela en As Neves.
Coa firma da presente autorización, acepto expresamente na súa totalidade, as bases do concurso, a política da Protección de datos e a publicación da súa receita (como se especifica no apartado VI.)

En a dede 2019
Asinado

DECRETO

Número: 2019-0108 Fecha: 21/03/2019



Cód. Validación: 9W7PY4CWA36FYQ5NCR7JPTTF | Verificación: <http://concellobaasneves.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Pághina 10 de 10